

XXIV Rebumbio Matemático

PILAR ORIZALES

Actividade

Un ano máis, en 2025, a zona da Coruña de AGAPEMA organizou a XXIV edición do Rebumbio Matemático. Esta actividade está dirixida ao alumnado do 6.º curso de Educación Primaria de centros educativos de toda Galicia, coa finalidade de fomentar o espírito cooperativo na resolución de problemas por equipos.

Despois de ter traballado na clase ata o mes de marzo a resolución colaborativa de problemas, o profesorado selecciona o alumnado participante na **fase de centros**, formando equipos de tres estudantes dunha mesma aula. Estes equipos participarán na fase de zona, tras formalizar a inscrición no concurso.

Este ano a **fase de zona** celebrouse o día 25 de abril e os 79 equipos inscritos repartíronse nas seguintes sedes (figura 1): A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago e Vigo. A proba foi a mesma para todas as zonas, celebrándose de forma simultánea. Consistiu na resolución de cinco problemas contextualizados en situacións reais que o alumnado participante tivo que enfrontar traballando conxuntamente, amosando as súas habilidades de cooperación, razoamento e dedución.



Figura 1: Imaxes da fase de zona en Ourense e Santiago.

Para a **fase final galega** clasificáronse 15 equipos (figura 2). As 15 prazas repartíronse de xeito proporcional ao número de equipos participantes en cada zona. Celebrouse na Facultade de Ciencias da Educación da Coruña o 16 de maio e tamén consistiu na resolución de cinco problemas que, como vén sendo habitual, estaban ambientados na cidade da Coruña. Na valoración das respostas sempre se prima o método de resolución empregado por riba da mera solución: a súa orixinalidade, as estratexias utilizadas, os procedementos de representación, a expresión escrita do proceso seguido, o emprego correcto de unidades etc. Tanto os enunciados como as solucións dos problemas da fase de zona e mais da fase final pódense consultar na páxina web de AGAPEMA [1].



Figura 2: Participantes na final do XXIV Rebumbio Matemático.

Despois da proba, e mentres varios membros da organización correxían os problemas, os equipos finalistas e o profesorado acompañante gozaron dunha visita cultural ao Castro de Elviña, en colaboración co Concello da Coruña, e dunha comida de convivencia. A xornada rematou coa entrega de premios aos tres equipos que obtiveron as mellores puntuacións. Este ano, o equipo gañador foi **Pitagóricos** (figura 3), que representou a Galicia na Olimpíada Matemática Nacional Alevín que se celebrou en Murcia os días 25, 26, 27 e 28 de xuño.



Figura 3: Equipo gañador do 1.º premio.

Equipos gañadores desta edición:

1.º PREMIO:

Pitagóricos, do centro educativo CPR Manuel Peleteiro (Santiago de Compostela), formado por:

Ulpiano Villanueva Castro Mateo Allegue Lorenzo Martín Amoedo Nieto

2.º PREMIO:

Los Pi-ratas, do centro educativo CPR Plurilingüe Cervantes (Lugo), formado por:

Amanda Rubinos Álvarez David Barrera Roca Lucas Timm Fernández

3.º PREMIO:

Gaussianos, do centro educativo CPR Manuel Peleteiro (Santiago de Compostela), formado por:

Alejandro Porto Veiras Nicolás Rodríguez Baña Gael Nieto Senatore

Neste ano 2026, celebraremos a XXV edición do Rebumbio Matemático. Cómpre agradecer a colaboración entusiasta das compañeiras e compañeiros de AGAPEMA de todas as zonas durante estes anos pasados, xa que sempre están aí, amosando a súa disposición a botar unha man coas probas en cada sede, coa corrección e co envío puntual das listaxes coas persoas finalistas. Sen eles e elas, todo isto non sería posible.

Referencias en liña

[1] O Rebumbio na web de AGAPEMA: <https://agapema.org/actividades/rebumbio-matematico/>

Pilar Orizales

IES Monte das Moas (A Coruña)

<pilarorizales@gmail.com>